

A VIDA SOMBRIZA

Con *Acaso o inverno*, Carlos Penela conqueiriu o premio Eusebio Lorenzo Baleirón na súa decimoterceira convocatoria. É este un poemario marcado pola dor sombriza que trae consigo novembro chegando, coa súa luz crepuscular, a inundar todos os espazos do poema. Así, o ser presinte “*co pasar de cada cousa/ a dureza letal de muitas lúas*”, que o tempo do inverno non é para a vida senón para recollerse e sobrevivir pois só nos depara “*unha palabra reservada unicamente/ para a dor*”. Nesta tesitura vital, o eu amosa o seu dorido tránsito pola estación da neve afirmándose nas voces daqueles ós que rende homenaxe -Kavafis, Pound, Berger- para asumir finalmente “*o alento morno das poulas recién nadas*”.

Tempos Novos, 63, agosto 2002, p. 68